




Mércores, 11 de xaneiro do 2012

Valora Consultores achegará 10.000 euros ao Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible

Unha aposta pola formación e a profesionalización en tempos de crise

A empresa galega ofrecerá prácticas remuneradas aos alumnos deste posgrao con mellor expediente



Noemí Rey | Vigo

Novos profesionais que sexan capaces de "coller o ritmo" que marcan os novos tempos. Iso é o que trata de atopar no mercado a empresa galega **Valora Consultores**, que por segundo ano consecutivo colaborará coa Universidade de Vigo achegando 10.000 euros ao **Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible** xa que "ten un perfil de traballador coherente coa nosa proxección", asegurou Senén Ferreiro, director xeral da entidade. "Estamos especializados en sustentabilidade global, colaborando con multinacionais españolas de primeiro nivel e traballando fóra de España e para iso proxectamos un sustento de coñecemento. Por iso precisamos profesionais cun coñecemento especializado, con capacidade de internacionalizarse e con vocación para traballar duro en novos fronteiras", recalcou Ferreiro.

Moi satisfeito co resultado do anterior convenio, a empresa destinará parte da achega a crear unha bolsa coa que ofrecer prácticas na propia consultora aos alumnos do posgrao que teñan os mellores expedientes. Un complemento para a formación do estudiantado co que facer unha inmersión real no eido económico, industrial e empresarial galego co que o alumno poderá traballar de xeito remunerado polo menos 300 horas en Valora. "É de agradecer a confianza que a entidade ten depositada na

Universidade de Vigo e que se transforma en algo tanxible, xa que non so permite aos estudantes ter unha visión global da empresa, senón que colabora cunha montante económico significativo que facilita o desenvolvemento do mestrado. Este é o camiño polo que a Universidade quere apostar e ao que quere invitar a todo o tecido empresarial a participar", subliñou o reitor Salustiano Mato.

Crear profesionais útiles

Nun momento tan difícil para as empresas é importante que unha das principais entidades galegas do eido da sustentabilidade, a responsabilidade social e a innovación busque un cadro de persoal ben formado nestas temáticas. O convenio de colaboración co posgrao ofrece unha oportunidade de ouro para "aliñar os intereses teóricos co tecido empresarial, algo que nun máster profesionalizante é fundamental, xa que busca crear profesionais útiles para as empresas", asegurou o seu director, Xavier Labandeira. Cunha docencia individualizada, especializada e con prácticas titorizadas, o mestrado pretende responder á demanda de profesionais polivalentes formados técnica e intelectualmente no campo da enerxía.

Outro dos obxectivos do máster é que a propia empresa tamén xere coñecemento, algo no que tanto a consultora Valora como o resto de empresas colaboradoras teñen os deberes feitos. "Xa estamos facendo uns cambios estruturais no posgrao que implantaremos de cara ao ano que vén", explicou Labandeira.